

# Obradoiro de creación literaria desenvolvido do IES “Johán Carballeira” de Bueu en Maio-Xuño 2006

Relator: Ramón Caride Ogando

## Alumnas/os que participaron (4º ESO B)

- 1.- BARBOSA GONZÁLEZ, ELISABETH
- 2.- BUCETA PORTELA, ABRAHAM
- 3.- FAZANES OTERO, TARA
- 4.- GARCÍA FERNÁNDEZ, TANIA
- 5.- GONZÁLEZ ESCÁNEO, ADRIÁN
- 6.- GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, MANUEL
- 7.- MALVIDO LÓPEZ, ANDREA
- 8.- MARTÍNEZ JUNCAL, IRENE
- 9.- PÉREZ CORRALES, MIRIAM
- 10.- PIEDRAS ABAL, ARACELI
- 11.- PIÑEIRO PORTELA, TANIA
- 12.- PORTELA SANTA CLARA, RODRIGO
- 13.- REGUERA SANTA CLARA, BELÉN
- 14.- RIVAS GALLEGU, YAIZA
- 15.- RODRÍGUEZ PORTAS, PATRICIA
- 16.- SÁNCHEZ DOSANTOS, LUÍS MIGUEL
- 17.- VILLANUEVA GARCÍA, JOSEPH

## Desenvolvemento das sesións

### SESIÓN I

Dado que a creación literaria é concebida polos alumnos/as da ESO como unicamente limitada á produción de textos narrativos e poéticos, editados en forma impresa, pero

que descoñecen a relación do literario co audiovisual, as primeiras sesións adicáronse á analizar e tomar en paralelo algúns relatos escollidos e a súa tradución á curtametraxe ou á banda deseñada.

Deste xeito descóbreselles que os recursos narrativos (descripción, personificación, metáfora, clímax, etcétera) son basicamente os mesmos, e, ao tempo, proporciónanse modelos básicos como exercicios de imitación. Tamén se conecta a escrita cos produtos culturais que consumen, maioritariamente audiovisuais, aproveitando así o valor motivador da imaxe.

A primeira sesión do obradoiro adicouse á curtametraxe *O carro e o home* (Xaquín Lourenzo-Antonio Román, 1940), distribuído no Día das Letras 2004. Tras o visionado inicial, a confrontación co guión presentado á censura no seu día e publicado, recentemente, por Pepe Coira (*No verán de 1940*, Ed. Mandaio, 2004) permitiu analizar os recursos narrativos básicos deste curto e do non filmado *Rías Baixas*, tamén de Antonio Román, para abordar tamén aspectos sociolóxicos e de produción: a censura franquista, os recursos económicos, a iluminación, a metraxe,... como condicionantes fundamentais da narrativa visual.

## SESIÓN II

Adicouse á banda deseñada con dúas mostras representativas:

*El eternauta* de Oesterherd-Breccia.

*Silencio de oboe*, de Miguelanxo Prado.

Fíxose un coloquio sobre o argumento das obras, as elipses, a ambientación, os personaxes, etcétera. En ambos casos repartiuse o comezo da historieta como punto de partida de historias orais e escritas que inventamos no obradoiro, sen permitir nun primeiro momento que os asistentes coñecesen a historia completa. As distintas historias creadas polos alumnos/as permiten valorar a importancia do argumento orixinal na escrita, e as distintas sensibilidades individuais.

Tamén se falou do que cabe e non cabe nun relato escrito e un relato visual. Para subliñar as diferencias entre o relato escrito e debuxado, traballamos cun coñecido relato de Edgar Allan Poe, *O corazón delator* (*Contos de E.A. Poe*, Tris-Tram, 1996), e a súa maxistral adaptación homónima ao cómic de Alberto Breccia (*BRECCIA*, Nueva Frontera, 1979), versión que, conservando a literalidade do relato, permítenos ilustrar, pola súa condición de case *story-board*, as peculiaridades da narrativa visual.

## SESIÓN III

Nesta última sesión adicada ao binomio literal/audiovisual elixiuse unha curtametraxe de recente e coidada produción e moi premiada *La ruta natural* de Álex Pastor (2005), a novidade e o carácter rachador do seu argumento foi confrontado co relato do mesmo argumento *O neno suicida* recollido no volume *Dos arquivos do trasno* de Rafael Dieste, publicado orixinariamente no 1926.

A confrontación dunha e outra obra permitiu non soamente comparar o relato visual co escrito e ver analoxías e semellanzas como nos casos anteriores, senón tamén destacar a intemporalidade dos grandes argumentos narrativos, que sempre renacen coma o ave

fénix, adaptáanse ás circunstancias completas de cada tempo e lugar, pero, aínda así, son sempre perfectamente recoñecíbeis.

Partindo do anterior, os participantes crearon candanseu relato fantástico de tema libre.

## SESIÓN IV

Estivo adicada á poesía, con dúas mostras afastadas no espazo e no tempo para subliñar a continuidade diacrónico-espacial da poesía galega. Lois Pereiro e Martín Códax. A elección do primeiro responde a que, sendo un autor aínda non canonizado no currículo escolar, foxe dos tópicos comúns aos poetas galegos recollidos neste ámbito; e a que é un personaxe atractivo para estas idades, polo seu malditismo e pola súa morte en plena mocidade.

O cancionero medieval da ría de Vigo, por contraste, remite á paisaxe cotiá dos alumnos/as e permite presentar doadamente a multi-secularidade da poesía galega culta, que xa é patente na Idade Media.

Dúas mostras dos textos traballados nesta sesión:

### **Acróstico**

(Lois Pereiro,  
*Poesía última.*  
Edicións Positivas)

### **Somentes**

Intentaba conseguir  
Deixar na terra  
Algo de min que me sobrevivise.

Sabendo que debería ter sabido  
Impedirme a min mesmo  
Descubrir que fun só un interludio  
Atroz entre dous muros de silencio. (... )

### **Cantiga de amigo III**

( Martín Códax )

Mia ermana fremosa treides comigo  
A la igrexa de Vigo, u é o mar salido.  
*E miraremos as ondas.*

Mia ermana fremosa, treides de grado  
A la igrexa de Vigo, u é o mar levado.  
*E miraremos as ondas. (...)*

